



EXCMO. CONCELLO
DA
ESTRADA
(PONTEVEDRA)

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTE CONCELLO O 5 DE
NOVEMBRO DO 2009**

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA CONVOCATORIA: PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO PSdeG-PSOE

D. JOSÉ ANTONIO DONO LÓPEZ

Alcalde-Presidente

D. MANUEL OTERO ESPÍÑO

Segundo Tenente de Alcalde

D. MANUEL SANMARTÍN OBELLEIRO

Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE

Concelleira

DNA. IRENE AGUIAR LALE

Concelleira

DNA. ANA ASOREY BREA

Concelleira

DNA. MÓNICA MAGARIÑOS COBAS

Concelleira

D. GERMÁN GONZÁLEZ RODRÍGUEZ

Concelleiro

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES

GRUPO P.P.

D. JOSÉ ANTONIO MACEIRA BESTEIRO

Concelleiro do PP

DNA. GISÉLE MAÏSSA RODRIGO

Concelleira

DNA. CRISTINA GOLDAR SOTO

Concelleira

D. JOSÉ CARLOS LÓPEZ CAMPOS

Concelleiro

D. JOSÉ ANTONIO GARCÍA VILLAR

Concelleiro

D. JOSÉ VICENTE VICENTE

Concelleiro

DNA. LOURDES LOUREIRO MÉNDEZ

Concelleira

GRUPO B.N.G.

DNA. RAQUEL LÓPEZ DOCE

Primeira Tenente de Alcalde
DNA. ISABEL RUIZ FERRO
Concelleira
D. XOÁN CARLOS CASTRO BLANCO
Concelleiro.

CONCELLEIROS NON ADSCRITOS

D. JOSÉ MANUEL REBOREDO BAÑOS
Concelleiro
D. JUAN ANTONIO TORRES ÁLVAREZ
Concelleiro

SECRETARIO EN FUNCIONES

D. ROGELIO A. CARRERA ARES

Na Casa do Concello, sendo as vinte e unha horas e dous minutos do día cinco de novembro de dous mil nove, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. José A. Dono López, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto o Secretario en funcións.

A sesión celébrase previa convocatoria ao efecto dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión, polo Sr. Alcalde dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 17 DE SETEMBRO DE 2009 E 1 DE OUTUBRO DE 2009
2º.-	APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

B) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.-	DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 1032/2009, DO 15 DE SETEMBRO, DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2008.
4º.-	DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE SETEMBRO DE 2009.
5º.-	ROGOS E PREGUNTAS

A) PARTE RESOLUTORIA.-

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS CORRESPONDENTES ÁS SESIÓNS CELEBRADAS OS DÍAS 17 DE SETEMBRO DE 2009 E 1 DE OUTUBRO DE 2009 A Sra. López Doce detectou dous erros. Un na do día 17.09.09, no punto 5º, páxina 19, onde debe figurar o voto favorable do BNG a favor da tramitación do Plan Xeral. O

segundo, na acta do día 01.10.09, punto 2º na páxina 5, onde di “Orzamento do ano 2008”, debe dicir “Orzamento do ano 2009”.

Conformes todos os Concelleiros con estas modificacións, así como co seu contido, apróbanse por unanimidade as actas das sesións do dezasete de setembro de 2009 e do un de outubro de 2009. Ordénase polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

2º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE BENESTAR SOCIAL RELATIVA Á PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA MUNICIPAL DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR. O secretario en funcións da Corporación fai constar que obra no expediente o ditame da Comisión Informativa de Benestar Social do 22.10.09, aprobado por unanimidade de todos os membros.

Sra. Goldar Soto, do PP: *Boas noites. Con respecto a este punto, reiterar o que xa dixemos na Comisión Informativa por parte do Grupo Municipal do PP, que de feito as introducións que manda corrixir a Consellería, son na liña que xa expuxo no seu día o PP con respecto ás limitacións que se facían nas partidas orzamentarias en relación a cando a demanda superarse o crédito orzamentario que houberse dispoñible para este fin. Tal e como se manifestou por este Grupo Municipal, evidentemente, tendo unha competencia municipal totalmente indubitada nesta materia, o que non se pode é limitar a asistencia ou a prestación deste servizo a que exista unha partida ou un crédito orzamentario dispoñible, e o que non se pode é rexeitar esas demandas en base a esa cuestión. Por iso entendemos que as modificacións que se propoñen por parte da Consellería son axeitadas, e por iso se votou a favor e se alcanzou a unanimidade, pero non podemos senón tamén deixar constancia de que estes temas xa se puxeron sobre a mesa polo Grupo Municipal do PP e sobre todo chamouse a atención cando con respecto ás limitacións orzamentarias si que parecía que se lle daba conta á Consellería cando dependía da Consellería pero non se lle quería dar conta aos Servizos de Intervención Municipal cando se tiña que ter en conta a participación do Concello. Nada máis, grazas.*

Sra. Ana Asorey, do PSdeG – PSOE: *Queríalle contestar Dona Cristina que como vostede ben sabe, pola modalidade B de acceso a persoas dependentes, non ten nada que ver o Concello, por que iso é obriga da Comunidade Autónoma ou do Estado.*

Ao non producirse máis intervencións, e sometido o asunto a votación, a Corporación aproba por unanimidade, o ditame da Comisión Informativa de Benestar, e adopta o seguinte ACORDO:

- “-Vista a evidente conveniencia de modificar a Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar vixente neste Concello.
- Visto o artigo 49 da Lei 7/85 no relativo á aprobación das Ordenanzas.
- Vista a competencia do Pleno da Corporación segundo o preceptuado no artigo 22.2.f) da Lei 7/85.
- Visto o informe emitido pola Intervención Municipal de data 19.10.09.
- Visto o ditame acadado unanimemente pola Comisión Informativa de Benestar Social de data 22-10-09.

ACORDAMOS:

1º.-A modificación dos seguintes artigos da Ordenanza Municipal do Servizo de Axuda no Fogar vixente, que quedarían redactados da seguinte maneira:

Artigo 4º.- Prestacións.

Suprímese o segundo paragrafo do apartado 2. e modifícase o derradeiro paragrafo, quedando o mesmo redactado da seguinte maneira:

“Quedan excluídas do Servizo de axuda no fogar as seguintes funcións:

- *A atención doutros membros da unidade familiar ou achegados que habiten no mesmo domicilio que non fosen expresamente contemplados na concesión do servizo e na conseguinte estimación e proposta técnica.*
- *Facer arranxos de certa entidade na vivenda que requira de outros profesionais (pintar paredes, empapelar, etc)*
- *Todas aquelas actividades dirixidas ao beneficiario/a que non fosen incluídas no correspondente proxecto de intervención e no acordo da prestación do servizo.*
- *Recoller ou levar o/a usuario/a fora do domicilio habitual, salvo casos excepcionais que se contemplarán no proxecto individual e no acordo da prestación do servizo.*
- *A realización de funcións ou tarefas de carácter sanitario, en xeral aquelas que impliquen especialización para a súa realización, tales como: por inxeccións, toma da tensión, por ou quitar sondas, administrar medicación delicada que implique coñecementos específicos ou especialización por parte de quen o subministre, realizar curas, tratamento de éscaras, úlceras, etc...”*

Artigo 6º.- Requisitos de acceso.

Modifícase o punto 2. do apartado correspondente a **MODALIDADE B** que queda redactado da seguinte maneira: *“2. Presentación da documentación precisa para a instrución do expediente”.*

Artigo 8º.- Organización.

Suprímese o derradeiro paragrafo do artigo 8º.

Artigo 12º.- Atencións, intensidade, extensión e límites.

Suprímese o derradeiro paragrafo do artigo 12º correspondente a Modalidade B e engádese: *“A intensidade na prestación do servizo para as persoas atendidas no marco do sistema de atención á dependencia terá unha aplicación flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que se garante a cobertura de necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria tódolos días da semana”*

Artigo 13º.- Normas de desenvolvemento do servizo.-

Modifícase o apartado VI do artigo 13º quedando redactado da seguinte maneira: *“Cando por calquera circunstancia fose preciso realizar un cambio de horario ou substitución dunha auxiliar de axuda no fogar, procurárase na medida do posible que sexa consensuado pola persoa usuaria do servizo, sendo imprescindible en calquera caso comunicalo previamente”*

Artigo 14º.- Iniciación.

No artigo 14º Capítulo V que fai referencia o inicio do procedemento suprímese o primeiro paragrafo e engádese:

“ Para aquelas persoas con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención (PIA) terá a consideración de asignación e incorporación ao servizo, si ben se seguirá o procedemento de instrución sinalado para usuarios da Modalidade A a efectos de completala documentación do expediente individual.

Para aquelas persoas que accedan ao servizo pola MODALIDADE A (libre concorrencia) o procedemento para a concesión das prestacións iniciarase de oficio ou a instancia de parte.”

No que respecta o apartado B) do artigo 14º, o apartado 4) referente os xustificantes de ingresos económicos, queda redactado da seguinte maneira:

“ 4) Xustificantes de ingresos económicos de tódolos membros da unidade de convivencia, mediante os documentos que se sinalan:

- *copia compulsada da declaración fiscal da renda do exercicio inmediatamente anterior ou, no seu caso, certificación acreditativa de non estar obrigado a presentar a*

declaración da renda.

- *certificacións de pensións ou prestacións percibidas no momento de presentación da solicitude fotocopia compulsada das nóminas correspondentes ao último ano impositivo*
- *certificacións de subsidios por desemprego*
- *No suposto de percepción de ingresos irregulares en contía e periodicidade, tomarase a contía percibida nos doce meses anteriores a da solicitude.*
- *certificacións catastrais sobre bens rústicos, urbanos e industriais correspondentes ao último ano fiscal impositivo*
- *calquera outro documento acreditativo da situación económica-laboral .*

Artigo 15º.- Instrución do procedemento

Suprímese o seguinte paragrafo do artigo 15º: “As demandas da Modalidade B que non podan ser dados de alta por non existir dispoñibilidade no servizo, se comunicará á Delegación Provincial da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar (no seu día a quen teña as competencias da Lei 39/2006 do 14 de decembro, de *Promoción da Autonomía Persoal e de Atención as persoas en situación de dependencia*), segundo o establecido no artigo 17 da presente ordenanza”

Artigo 16º.- Avaliación da situación de necesidade para acceder ao SAF e acceso. Baremo de aplicación.

Modifícase o apartado C. Referido a avaliación da situación económica que queda redactado da seguinte maneira: “A efectos de establecer a prioridade de acceso ao servizo, a avaliación da situación económica da unidade de convivencia realizarase tendo en conta os ingresos de tódolos membros da unidade de convivencia dividida polo nº de membros, outorgando unha puntuación en función da renda per cápita resultante”.

Suprímese o derradeiro paragrafo deste artigo.

Artigo 17º.- Acceso ao Servizo de Axuda no Fogar.

Suprímese o derradeiro paragrafo do artigo 17º.

Engádense os seguintes parágrafos;

“Para a adxudicación do servizo terase en conta a dispoñibilidade orzamentaria polo que, se fose preciso, crearase unha listaxe de agarda na que terán prioridade.

As persoas beneficiarias do servizo incluídas nesta listaxe, ocuparan o lugar que lle corresponda en función da puntuación acadada no seu expediente tras efectuar a pertinente baremación trala aplicación do baremo sinalado, iniciándose a concesión de maior a menor puntuación.

No caso de igualdade de puntuación, a prioridade establecerase pola antigüidade segundo o número de rexistro de entrada da solicitude no Rexistro Xeral do Concello”.

No que respecta a persoas valoradas como dependentes que contén cun Programa Individual de Atención no que se prescriba o servizo municipal de axuda no fogar como recurso a aplicar, estarase ao disposto na orde de 22 de xaneiro de 2009 reguladora do servizo de axuda no fogar, no decreto 176/2007 de 6 de setembro que regula o procedemento para o recoñecemento das prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia na Comunidade Autónoma de Galicia, na orde do 17 de decembro de 2007 e demais normativa no ámbito da atención a persoas en situación de dependencia.

Artigo 20º.- Participación do usuario no financiamento do servizo.

Modifícanse os parágrafos do artigo 20º correspondentes o apartado “Para usuarios/as Modalidade A” que quedan redactados da seguinte maneira:

“ Para usuarios/as Modalidade A:

1. *A achega das persoas usuarias do servizo realizarase en función da súa capacidade económica, que se calculará en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, unha vez deducidos a parte proporcional dos gastos derivados do arrendamento ou amortización da vivenda tendo en conta os seguintes criterios.*
- *Considérase persoa usuaria aquela para a que se solicite o servizo. No caso de unidades familiares, ademais do usuario/a titular (solicitante do servizo) poderán ser usuarios outros membros da unidade de convivencia.*
 - *A capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar*

calcularase en atención a súa renda e, se é o caso, ao seu patrimonio, unha vez deducidos a parte proporcional dos gastos derivados do arrendamento ou amortización da vivenda. Terase en conta ademais:

- o As rendas do cónxuxe ou parella de feito
 - o A convivencia con ascendentes que sexan dependentes economicamente da persoa usuaria, do seu cónxuxe ou parella de feito.
 - o a convivencia con descendentes menores de 25 anos ou maiores con discapacidade, economicamente dependentes da persoa usuaria ou do seu cónxuxe ou parella de feito.
- A renda valorarase atendendo aos ingresos netos que se perciban, que comprenderán os rendementos de traballo, incluídas pensións e prestacións de previsión social, calquera que sexa o seu réxime; os rendementos de capital mobiliario e inmobiliario; os rendementos das actividades económicas e as ganancias e perdas patrimoniais.
 - Para o cómputo do patrimonio estarase ao disposto na normativa fiscal en vigor sobre o patrimonio, entendéndose por tal o conxunto de bens e dereitos de contido económico de que sexa titular a/s persoa/s usuaria/s do servizo, con dedución das cargas e gravames que diminúan o seu valor, así como das débedas e obrigas persoais das que deba responder. Considéranse exentos do cómputo a vivenda habitual na que se preste o servizo e os bens e dereitos cualificados como exentos na normativa aplicable sobre o imposto do patrimonio. Nos supostos de cotitularidade, só se terá en consideración a porcentaxe correspondente á propiedade da persoa beneficiaria.
 - No caso de que a/s persoa/s usuaria/s tivesen cónxuxe ou parella de feito as rendas de ámbolos dous terán a consideración de rendas computables, entendéndose neste caso por renda persoal a metade da suma dos ingresos de ámbolos dous membros da parella.
 - A capacidade económica por razón de renda determinarase dividindo a renda ou rendas computables, de acordo co apartado anterior, entre a suma dos seguintes convivintes: o perceptor ou perceptores de rendas computadas e, se é o caso, o cónxuxe e os ascendentes ou fillos/as menores de 25 anos, ou maiores desta idade en situación de discapacidade, que dependesen economicamente dos citados perceptores.
 - A capacidade económica resultante será a correspondente á renda da persoa usuaria, calculada de acordo cos apartados anteriores, modificada á alza, se fose o caso, pola suma dun 5% do valor do patrimonio neto que supere o mínimo exento para a realización da declaración do imposto sobre o patrimonio en vigor a partir dos 65 anos de idade, dun 3% dos 35 aos 65 anos e dun 1% os menores de 35 anos.
 - Para o cómputo da renda ou do patrimonio teranse en conta os datos correspondentes a última declaración fiscal dispoñible ou pensión coñecida.

2. No suposto de que a capacidade económica da persoa usuaria sexa igual ou inferior ao Indicador Público de Rendas de Efectos Múltiples (IPREM), quedará exenta da obriga de participar no custe do servizo.

- 1 Nos demais supostos aplicarase a seguinte táboa de pagamento do servizo:
 - 1.1 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 100% e non excedan do 150% do IPREM aboaran o 10% do custo do servizo
 - 1.2 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 150% e non excedan do 200% do IPREM aboaran o 15% do custo do servizo
 - 1.3 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 200% e non excedan do 300% do IPREM aboaran o 20% do custo do servizo
 - 1.4 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 300% e non excedan do 350% do IPREM aboaran o 30% do custo do servizo
 - 1.5 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 350% e non excedan do 400% do IPREM aboaran o 40% do custo do servizo
 - 1.6 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 400% e non excedan do 450% do IPREM aboaran o 50% do custo do servizo
 - 1.7 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 450% e non excedan do 500% do IPREM aboaran o 60% do custo do servizo
 - 3.9 Persoas usuarias cunha capacidade económica superior ao 500% abonarán o
o
65% do custe do servizo.

2 Poderán acceder ao SAF en réxime de gratuidade e de forma excepcional, e

sempre a proposta da responsable técnica do Departamento de servizos sociais, aqueles casos nos que a prestación se conceda como unha medida de control necesaria para os casos nos que se advirían situacións de alto risco para os membros máis vulnerables da unidade familiar por situacións de desestruturación familiar e/ou exclusión social.

Establecese un mecanismo de revisión anual para a actualización da información relativa á capacidade económica das persoas usuarias do servizo de axuda no fogar, a efectuar no mes de xaneiro de cada ano.

2º.-Publíquese anuncio do presente Acordo no Taboleiro de Edictos do Concello, no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web municipal, a efectos de que os interesados poidan presenta-las reclamacións e suxestións que estimen oportunas no prazo de 30 días.

3º.-Tralo preceptivo trámite de información pública e, de non presentarse reclamacións ou suxestións dentro de prazo, o Acordo, ata entón provisional, entenderase definitivamente adoptado.”

Continuando coa sesión, **FÓRA DA ORDE DO DÍA**, toma a palabra o Sr. Alcalde para expoñer unha moción con carácter de urxencia, debatida tamén na Xunta de Portavoces, fai referencia á polémica sobre as datas de celebración da Semana Verde de Galicia.

Sr. Alcalde: *Con respecto a isto, esta tarde recibíuse na Alcaldía un fax que envía a directora xerente da Fundación Semana Verde de Galicia que di “Te comunico que la Feria Internacional Semana Verde de Galicia de 2010 no se celebrará en el mes de septiembre”. Isto é o que di textualmente. Vén, dende aquí, dende o Fundación de Exposicións e Congresos está o reenvío á Alcaldía. Ben, está ben isto, pero en calquera caso o Grupo de Goberno segue mantendo a necesidade de presentar a moción. Entendemos que probablemente a mobilización mediática e demais, pois serviu para que se enviase este fax. Nós pensamos que os tres puntos da moción, deben manterse, por que en definitiva o que se trata é da defensa dos intereses da Estrada, e polo tanto ata ver en que data se fixa ou non se fixa a Semana Verde, creo que debemos manter esta moción, tendo en conta que o mes de setembro, o trinta e un de agosto ou o un de outubro, vimos tendo un problema similar, entón proponho votar primeiro a urxencia da moción. Seguidamente sométese a votación a urxencia da seguinte moción:*

A) “A Corporación municipal da Estrada, en base ó disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais e demais normativa que poida resultar de aplicación, presentan, diante do Pleno da Corporación Municipal, esta MOCIÓN, en base á seguinte

1ª.- EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En datas recentes, fíxose pública a intención da Fundación da Semana Verde de celebrar o seu certame no concello veciño de Silleda durante o mes de setembro de 2010.

Como vén sendo tradicional, ese mesmo mes é o contemplado pola Fundación de Exposicións e Congresos para celebrar unha nova edición da Feira do Moble. Esta vén tendo lugar, tradicionalmente, durante a segunda semana de setembro.

Consideramos que a celebración destes dous eventos nun prazo tan próximo de tempo sería contraproducente para ambos. Algúns expositores xa manifestaron a dificultade que suporía asistir a ambas Feiras, polo seu custe económico.

Outro tanto sucede coa afluencia de público. A celebración de ambos eventos a unha vintena de quilómetros, con apenas uns días de diferenza, suporía unha seria competencia entre ambas que é tan inconveniente como facilmente evitable.

Desde a Semana Verde alégase a conveniencia de variar a súa data de celebración por motivos económicos. Desde o Concello da Estrada respectamos a capacidade e

independencia doutras Feiras para fixar as súas datas, pero sempre que non prexudiquen aos nosos sectores produtivos.

Entendemos, tamén, que a Feira do Moble é unha referencia, tanto polo seu contido, como pola súa celebración. Neste caso, o factor consuetudinario recomenda que este evento sectorial manteña as súas datas, mentres que a Semana Verde pode buscar consolidarse, baixo o seu novo formato, noutro período do ano.

Por outra banda, consideramos necesario o pronunciamento da Xunta de Galicia neste caso de colisión de intereses, dado que non só ten representantes nos padroados de ambas feiras, senón que súa é a competencia sobre a ordenación deste tipo de eventos na nosa comunidade.

Polo exposto, a Corporación municipal da Estrada somete á consideración do Pleno esta MOCIÓN, para que este adopte os seguintes ACORDOS:

- .Expresar o seu apoio á Feira do Moble da Estrada, como evento central deste sector en toda a comunidade galega, e á consolidación do mes de setembro como data de celebración mentres así o decidan os seus asociados
- .Solicitar da Xunta de Galicia a necesidade de establecer un calendario anual para a celebración de eventos feirais en Galicia, no exercicio das súas competencias
- Instar á Xunta de Galicia a evitar a coincidencia da Feira do Moble e da Semana Verde, mantendo as datas da primeira no mes de setembro, para evitar así unha competencia innecesaria e inxustificada entre ambas.”

Sométese a votación a urxencia da moción, o que é aprobada por unanimidade.

Sr. López Campos, do PP: *En relación a ese escrito que acaba de dar conta e que por parte do PP coñecemos xa, aínda que consideramos oportuno seguir mantendo a iniciativa que nos levou a tomar o acordo unánime na Xunta de Portavoces, para impulsar e deixar claro o compromiso da Estrada como é a potenciación da Feira do Moble e dese recinto feiral, polo tanto nós estamos na liña en continuar na aprobación desta moción, polo que é unha mostra de saber estar e respecto institucional, que se valore tamén a opinión unánime dun Pleno dun concello que soberanamente toma unha decisión de apoio decidido a esta Fundación. O que está claro é que hai unha cousa que eu non tiña intención de dicila, pero que me vexo na obriga de dicila por que foi así, e desmentindo as palabras que acaba de facer súas o alcalde, pois non foi a presión mediática precisamente o que fixo cambiar o criterio da Xunta de Galicia, e pódolle asegurar que pola miña parte tiven varias conversas cunha persoa, que á parte de conselleiro da presidencia é presidente do Padroado desa Fundación e que nas conversas que eu mantiven con el nesta semana, entende perfectamente cal é a situación. Eu tamén quero explicar aquí os motivos polos que a Semana Verde pretendía cambiar a súa feira para o mes de setembro. Os motivos era que pretendían facer un gran acto, encadrado dentro do calendario nacional hípico, unha gran mostra equina, na que contaban traer a máis de 20.000 persoas, e dende logo, a xerente, na intención de potenciar o recinto e a Semana Verde, consideraba que era un acto de suficiente transcendencia, como para poder facelo e desenvolve-lo no ámbito da Semana Verde. No momento, pois é certo que houbo un pequeno erro, e ela non valorou a proximidade coa feira da Estrada, e ela en ningún caso estivo pechado nunca ese calendario feiral, simplemente se fixo unha valoración nun momento determinado, que podemos considerar pouco oportuna, pero con axilidade púidose xestionar, e o que eu quero trasladar aquí e facelo público a todos os membros do Pleno é que nas catro ou cinco reunións que tivemos co conselleiro da presidencia, no primeiro momento deuse conta das palabras feitas públicas pola actual xerente da Fundación Semana Verde, e está claro que un evento así non pode condicionar esa existencia de dúas feiras na zona*

norte da provincia de Pontevedra, cunha proximidade de vinte quilómetros. Nese momento xa se tomou a decisión de que ese evento non se ía celebrar en Silleda e nós temos o compromiso por parte do conselleiro, que é o presidente do Padroado de que así vai ser, e polo tanto, independentemente de que esas xestións estean feitas e de que ese tema estea solucionado, nós somos partidarios de que se tome ese acordo, e que reiteremos unha vez máis que a Corporación Municipal en Pleno, está a favor desa Feira do Moble, que está a favor desta Fundación, cousa que me alegro de verdade, por que hai escasos meses, na Xunta de Galicia, non as tería todas comigo nesta votación, ou estou seguro de que algúns membros da Corporación que hoxe están aquí, votarían de forma distinta do que van votar hoxe. De todos os xeitos, alégrome de que todos esteamos na mesma liña, alégrome de que agora cando non somos Goberno, apoiemos o que xa tiñamos que ter apoiado no Goberno, pero alégrome que volvamos ao consenso, e nesa liña do consenso atopará sempre ao PP.

Seguidamente, adóptanse por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1. Expresar o apoio da Corporación Municipal da Estrada á Feira do Moble da Estrada, como evento central deste sector en toda a comunidade galega, e á consolidación do mes de setembro como data de celebración mentres así o decidan os seus asociados
2. Solicitar da Xunta de Galicia a necesidade de establecer un calendario anual para a celebración de eventos feirais en Galicia, no exercicio das súas competencias
3. Instar á Xunta de Galicia a evitar a coincidencia da Feira do Moble e da Semana Verde, mantendo as datas da primeira no mes de setembro, para evitar así unha competencia innecesaria e inxustificada entre ambas.”

- B) Deseguido, o Sr. Alcalde aclara que a seguinte é unha moción que nos propoñen tres sindicatos agrarios de ámbito nacional, COAG, ASAJA e UPA, que pide que se tomen unha serie de acordos, contidos na moción que seguidamente se transcribe.

“Os Grupos políticos municipais e membros da Corporación do Concello da Estrada, vista a solicitude formulada polas Organizacións Agrarias COAG, ASAJA e UPA en data 30-10-2009, trasladamos ao Concello Pleno a seguinte Moción co obxecto da súa aprobación:

A Corporación do Concello da Estrada, coñecedora de que a situación de tódolos sectores agrarios é crítica, cunha profunda crise de mercado con prezos afundidos para os seus produtos e custes de produción disparados, e da convocatoria de mobilizacións consistentes nun “Paro Agrario” os días 20 e 21 de novembro, así como da convocatoria dunha Manifestación en Madrid o día 21 de novembro,

ACORDA:

1º.- Solidarizarse co sector agrícola e gandeiro ao que consideramos un sector estratéxico a nivel económico e da produción de alimentos, vital ademais para o desenvolvemento do mundo rural.

2º.- Dar traslado do presente Acordo á Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca do Congreso dos Deputados (Congreso dos Deputados, Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca, R/Floridablanca s/n, 28071 MADRID)

Sométese a votación a urxencia da moción, o que é aprobada por unanimidade.

Seguidamente, e non producíndose intervencións, o Pleno do Concello, adopta por unanimidade os seguintes ACORDOS:

1º.- Solidarizarse co sector agrícola e gandeiro ao que consideramos un sector estratéxico a nivel económico e da produción de alimentos, vital ademais para o desenvolvemento do mundo rural.

2º.- Dar traslado do presente Acordo á Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca do Congreso dos Deputados (Congreso dos Deputados, Comisión de Medio Ambiente, Agricultura e Pesca, R/Floridablanca s/n, 28071 MADRID)

C) Intervén a continuación o Sr. López Campos, voceiro do PP, e solicita a inclusión da seguinte moción:

Sr. López Campos, do PP: *Dende o Grupo Municipal do PP, é a nosa intención presentar unha moción de urxencia, e o motivo desa moción está xustificada e está relacionado coa tramitación actual do Plan Xeral e da información que imos recabando e das cuestións que van xurdindo, non tanto do sistema posto en marcha, e do propio funcionamento e do propio beneficio que isto supón para os veciños e veciñas da Estrada e foron os que nos fixeron saber, nun número considerable, e sentímonos na obriga de presentalo con motivo de urxencia, e esta moción está relacionada coa operatividade da oficina de información ao público do Teatro Principal e o seu horario de atención ao público. Consideramos que é un tema suficientemente importante e dunha urxencia xustificada para poder tratar de debater neste Pleno.*

Seguidamente dá lectura á Xustificación da Urxencia contido na Moción, á Exposición de Motivos, así como á parte da solicitude ao Pleno.

“D. José López Campos, portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 91 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presento a seguinte Moción para o seu debate en Pleno polo trámite de Urxencia.

Solicitude ao Concello da ESTRADA para que amplíe o horario da oficina municipal de información e asesoramento para o PXOM.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA:

O Grupo Municipal Popular xustifica a urxencia, por estar xa dentro do prazo de información á cidadanía e presentación de alegacións sobre o PXOM. A urxencia é evidente en sí mesma pois o prazo remata o vindeiro mes de decembro

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A oficina ten un horario moi reducido e tendo en conta os horarios laborais dunha gran parte dos habitantes da Estrada, resulta imposible, ou cando menos moi difícil, poder acudir a revisalo e presentar, se é preciso, as alegacións oportunas.

A información debe ser clara, axeitada e o proceso debe ser transparente para que a cidadanía poida facer uso do seu dereito de información sobre o PXOM.

O horario da oficina debe adecuarse ás necesidades da poboación e por iso o grupo municipal do PP solicita ao Concello que o horario de dita oficina se faga extensible as tardes de 5 a 9 e tamén solicita a apertura os sábados.

A elaboración do PXOM é tema esencial no desenvolvemento da nosa Vila e os e as estradenses deben poder participar e estar informados axeitadamente sen ter que ausentarse das súas tarefas laborais.

Por todo o anterior, prérgase ao Pleno do Concello da Estrada que aprobe a moción de ampliar o horario en días e horas da oficina de información e asesoramento do PXOM.”

Sométese a votación a urxencia da moción, o que é aprobada por unanimidade.

Sr. Alcalde: *Ben, por parte do Goberno, evidentemente neste momento sería unha precipitación tomar este tipo de acordo mentres non se vexa a posibilidade de levar iso a cabo e como. É algo que tiñamos en mente, e quizá a medida que avance a exposición sería necesario, pero faise preciso contar cun equipo de funcionarios, que terían que vir en horas extras, co cal nos obriga a antes de implantar isto, buscar os funcionarios precisos que estean dispostos a facer este traballo ou facer outro tipo de contratacións, pero en principio o que si pediría é que podemos aprobar esta moción, pero en vez de instar a executar inmediatamente, instar a que se estude a posibilidade de implantar ese horario, o que é máis razoable e probablemente tamén máis fácil para o Grupo de Goberno apoiar a moción. Ben, se se aproba esa transacción, podemos aprobar esa moción.*

Seguidamente, o Pleno do Concello, adopta por unanimidade o acordo de estudar a posibilidade de ampliar o horario de apertura da oficina de información do PXOM, segundo as posibilidades e medios existentes na administración municipal.

D) PARTE DE CONTROL E XESTIÓN.-

3º.- DACIÓN DE CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 1032/2009, DO 15 DE SETEMBRO, DE APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO MUNICIPAL 2008.Dáse conta ao Pleno da Resolución da Alcaldía 1032/2009 de aprobación da Liquidación do Orzamento Municipal 2008, que seguidamente se transcribe de xeito literal:

“DECRETO NÚMERO 1032/2009

No uso das facultades que me confire o artigo 191.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L. 2/2004 de 5 de marzo), e a Base 37ª das Bases de Execución do orzamento, e visto o informe emitido pola Intervención Municipal de 15 de setembro de 2009, e axustada a súa obtención ó establecido pola normativa citada e polo RD 500/1990 **RESOLVO:**

PRIMEIRO: Aprobar a Liquidación do orzamento municipal 2008, cuxo resultado orzamentario axustado é o seguinte:

1. Dereitos Recoñecidos Netos.	13.241.039,73.-
2. Obrigas Recoñecidas Netas.	12.341.261,17.-
3. Resultado Orzamentario (1-2).	899.778,56.-
4. Desviacións Positivas.	(1.068.417,12).-
5. Desviacións Negativas.	1.250.584,62.-
6. Gastos financiados con Remanente de Tesourería.	360.839,18.-
7. Resultado Orzamentario Axustado (3-4+5+6).	1.442.785,24.-

SEGUNDO: aprobar o Remanente de Tesourería determinado polas seguintes magnitudes:

A.1.- DEREITOS PENDENTES DE COBRO -----	1.301.117,91	1.
De Orzamento de ingresos. Orzamento corrente -----	877.408,62	
2. De Orzamento de ingresos. Orzamento pechado -----	721.034,08	
3. De Operacións non orzamentarias-----	61.308,54	
4. MENOS. Ingresos realizados ptes aplicación definitiva -----	(358.633,33)	
A.2.- OBLIGACIONES PENDIENTES DE PAGO-----	2.259.445,03	
1. De Presupuesto de Gastos. Presupuesto Corriente -----	1.748.209,44	
2. De Presupuesto de Gastos. Presupuestos Cerrados-----	61.138,37	
3. De outras Operacións no Presupuestarias-----	451.019,38	
4. MENOS: Pagos pendientes de aplicación-----	(922,16)	

A.3.- FONDOS LÍQUIDOS-----	4.482.674,72
1. En Caja -----	514,16
2. En Bancos, cuentas operativas -----	4.368.016,22
3. En Bancos, cuentas restringidas recaud.-----	113.695,63
4. Contas restrinxidas de pago-----	448,71
A.4- MENOS DEREITOS DE IMPOSIBLE OU DIFÍCIL RECADACIÓN.....	515.678,28
A.4.- REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL-----	3.008.669,32
A.5.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS CON FINANCIACIÓN AFECTADA-----	326.292,25
A.6.- REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS-----	2.682.377,07

TERCEIRO: Da presente Resolución e dos estados de liquidación darase conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre e remitirase copia á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, de conformidade co establecido no artigo 193.4 e 5 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

O Pleno queda sabedor

4º.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DITADAS NO MES DE SETEMBRO DE 2009. Polo Alcalde-Presidente dáse conta ao Concello Pleno das Resolucións da Alcaldía comprendidas entre os números 975 e 1146 correspondentes ao mes de setembro de 2009.

O Pleno queda sabedor.

5º.- ROGOS E PREGUNTAS

Sr. López Campos, do PP: *No apartado de rogos e preguntas, hoxe vai ter sorte o Goberno, pois estamos bastante cansos das rutas que estamos facendo polo rural, algúns pois sorprendentemente, outros séntense representados pola parte maioritaria do Goberno, e estamos intentando mellorar un documento, que creo que todos coincidimos en que é mellorable, xa digo dos tres grupos municipais que hai aquí, dous decidiron saír e un decidiu quedar inoperante, pero ben, iso é responsabilidade de cada un e supoño que se sentirán representados ou por uns ou por outros, o que está claro é que estamos cansos e polo tanto imos intentar ser breves. Hoxe, nada máis entrar no Pleno, recibo contestación á pregunta formulada no Pleno pasado a incidencia do Plan Feil na Estrada. Creio que buscando o aspecto positivo e o consenso que debe reinar nestes temas, por parte do Grupo Municipal do PP, vemos con preocupación como as cifras do paro, tanto a nivel nacional, como autonómico como na Estrada, pois se están disparando e están chegando a cifras nunca antes vistas, coa problemática que iso supón, e sobre todo por que detrás de cada un deses parados hai unha persoa e unha familia que o está pasando mal. Nós fixemos unha pregunta, por que un dos grandes proxectos estrela era o Plan Feil, para dinamizar o mercado laboral, pero vemos con certa amargura que as cifras que saen mes a mes non reflicten o que o Goberno di, eu nesta pregunta que fixen a semana pasada, a resposta que se nos dá é que á vista dos acordos dos órganos de goberno, dos distintos proxectos, das manifestacións dos adxudicatarios, dos pregos de cláusulas e demais documentación obrante nos distintos expedientes, cífrase o número de persoas ocupadas directamente en 248, e se é da “manifestación dos adxudicatarios”, ao mellor un termo tan substantivo como este, pode dar lugar a esta conclusión. Penso que os datos do paro destes últimos catro meses falan por si sós e creo que se se collen os datos, en xullo había na Estrada 1.475 desempregados, en agosto 1.504, en setembro 1.549 e en outubro 1.566, seguimos na escalada dos datos do desemprego e do paro, datos preocupantes, e eu creo que realmente os datos destas obras non teñen os efectos buscados. Non sei se é por ser un plan mal deseñado dende a súa orixe, non sei se é un plan mal executado polo Goberno pola súa orixe, ou se realmente ese plan se dirixe a obras que non xeneran ese tipo de incentivos de emprego. O que está claro é que non se está conseguindo ese efecto buscado, e posiblemente sexa por que das obras que decidiu facer o Goberno neste Plan Feil, non é que haxa unha*

manifestación global da cidadanía, e podémolo ver aínda hoxe no descontentos dos veciños de Lagartóns por unha obra que xa neste Pleno da Corporación se titulou como a segunda parte da pista do sogro de Tallón, despois foron as beirarrúas do sogro de Tallón, e dende logo é lóxico que é lóxico que o Sr. Tallón, que é unha persoa que é ou era unha persoa influínte dentro da estratexia política do Partido Socialista na Estrada, pois que teña o mérito de ter unhas beirarrúas como Deus manda diante da súa casa. O que non parece é que precisamente esa zona, a zona onde hai máis densidade de poboación quede sen beirarrúas, é unha cousa curiosa, pois é onde máis o demandan os veciños, e aí se ve un pouco cal é o criterio de investimento que ten o Goberno, e outra cousa curiosa é que no Plan Xeral, tanto en Lagartóns como en SABucedo, nos decatamos que tamén esas obras que están facendo para realizar as beirarrúas nesa parroquia, pois curiosamente as áreas de expansión van en sentido contrario ás beirarrúas que se están facendo. É algo realmente curioso, pois non sei se o Goberno tivo ocasión de velo, pero recoméndollo, porque se comproba na documentación, e que vexan que xusto a ordenación do territorio neses núcleos, vai en proporción inversamente proporcional aos investimentos que está facendo o Goberno, o que non deixa de ser curioso e sospeitoso. A raíz de todos isto, a nosa pregunta é cales son os criterios, por que se a maior parte da parroquia está en contra dunhas beirarrúas, cales son os criterios que levou ao Goberno Municipal a tomar as decisións de facer esa obra das beirarrúas de Lagartóns. E despois, unha segunda pregunta, pois teñen que ver co mesmo tema e así xa mas contesta xuntas, sería cal é a documentación que se lles está requirindo ás empresas para xustificar os obxectivos marcados nas bases do Plan Feil; sabemos que o Plan Feil tiña un obxectivo final claramente definido, que era a reactivación da economía e a xeración de emprego, supoño que haberá uns indicadores, que por parte do Concello haberá que valorar e ter en conta, e nos gustaría saber, facerlle unha pregunta, cal é a documentación que se lle está pedindo ás empresas adjudicatarias para cumprir eses compromisos que están nas bases do Plan Feil, e facer un rogo tamén, e xa remato, que se nos dea copia, aínda que xa sei que está nos expediente, pero pedimos concretamente desa documentación que se lle require ás empresas, na que conste os compromisos adquiridos en canto á creación de emprego e da contratación de persoas que estivesen inscritas no INEM e que fosen desempregadas. Realmente, non nos coincide en absoluto os datos coa realidade das estatísticas do paro, e queremos aclarar esa diverxencia, polo tanto rogamos que se nos dea copia da documentación que se lle require ás empresas para xustificar esa contratación, pois ben poden ser TC's, altas na Seguridade Social, pero que se nos dea copia de todas as obras e proxectos que se executaron a través do Plan Feil, para poder facer un seguimento dos obxectivos marcados.

Sr. Alcalde: *Ben, contestarémolle por escrito, e con respecto á documentación que precise o Grupo Popular, eu remítooo á Secretaría, por que está alí todo á súa disposición. Teñen que solicitala e non hai ningún problema.*

Sr. Reboredo Baños: *Na última sesión plenaria, pedimos que se nos facilitase a documentación das actas por correo electrónico, e xa ve que non nos contestou, pero tamén pediamos que se nos fixese chegar copia de todas as actas de Xunta de Goberno Local e Pleno en soporte informático para ter un depósito de información. Non nos contestaron, e non sei se está atendido ese rogo ou non.*

Sr. Alcalde: *Estase traballando nese tema.*

Sra. Goldar Soto, do PP: *Un priemeiro rogo, reiterado, para o Sr. Espiño, un contedor de vidro para o lugar de Campos, a ver se pode chegar antes do Nadal, sería interesante para todos os depósitos de vidro que se orixinan nesas datas, queremos un contedor. Despois, temos outro rogo, que é o seguinte, tívose coñecemento pola prensa, e tamén está no pensar de todos, que se acomete unha segunda parte das obras do Plan Feil. Coido, se non estamos errados que mañá o Sr. Alcalde, ten unha entrevista ou unha reunión neste sentido, e entón o que lle roga este Grupo Municipal, é que teña en conta esta demanda popular que xa é coñecida da creación dunha Unidade de Atención Temperá no Concello da Estrada e xestione o destino dunha das partidas que se poidan imputar a este plan de obras, para acometer as obras de acondicionamento dun local no que se poida poñer en funcionamento a Unidade de Atención Temperá. Para facer unha aproximación do que pode supoñer o*

custo de acondicionamento, pódese facer unha aproximación e valoración duns cincuenta ou sesenta mil euros. Entendo que é unha partida en todo caso asumible, e rogámoslle que nesa entrevista teña en conta esta petición, e poida facer as cuestións que vostede entenda necesarias para que con cargo a esa nova fase das obras do Plan Feil se poida incluír este proxecto dentro desas obras.

Non habendo máis intervencións levántase a sesión ás vinte e unha horas e trinta minutos

A Estrada, 5 de novembro de 2009
O secretario en funcións

Asdo.: Rogelio A. Carrera Ares